



MANUEL VILAS, arpas antigas

Nace en Santiago de Compostela, onde comeza os seus estudos musicais. Estuda arpas antigas dos séculos XII ao XVIII en Madrid con Nuria Llopis e en Milán con Mara Galassi. Colaborou con numerosos grupos de música antiga nos máis importantes festivais de España, Alemaña, Cuba, USA, Ecuador, República checa, Paraguai, Austria, Portugal, Uruguai, Suíza, Francia, Bolivia, Bélxica, Arxentina, Noruega, Italia, Chile, Colombia, Hungría, Holanda, etc...

Tamén realiza concertos como solista con programas centrados na música barroca ibérica, americana e italiana, (concertos ofrecidos en Holanda, Chile, Noruega, Paraguai, España, USA e Cuba), ademais de conferencias, cursos e masterclass por diferentes países. Colaborou tanto como acompañante como solista en máis de 100 discos con diversas discográficas e grupos musicais especializados.

É director artístico do proxecto de gravación dos 100 tons do chamado Manuscrito Guerra (século XVII), unha das grandes xoias da música barroca hispana conservada na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela. Este manuscrito, que investiga dende fai máis de vinte anos, está enteiramente gravado para a multinacional Naxos en 6 discos compactos. Este monumental proxecto recibiu o premio á mellor investigación 2017 por parte de GEMA (Asociación de grupos españois de música antiga).

Foi invitado polo Festival de Franders (Bélxica) e o Conservatorio da Haia (Holanda) para impartir masterclasses sobre arpas antigas ibéricas. Foi asesor no proxecto patrocinado pola Generalitat Valenciana na recuperación dos instrumentos dos frescos da catedral de Valencia.

En 2007 funda o ensemble Ars Atlantica, que se presenta no festival Via Stellae (Santiago de Compostela) coa estrea en tempos modernos das cantatas procedentes do pazo que a familia Contarini tiña cerca de Venecia. A gravación destas cantatas, xunto a mezzosoprano Marta Infante, foi galardoada en Holanda co premio Prelude classical music como un dos mellores discos de música antiga do 2010.

Asemade, é pioneiro no estudo e investigación de certos tipos de arpas hoxe totalmente esquecidas, coma a arpa xesuítica chiquitana (Bolivia, século XVIII), a arpa dobre da coroa de Aragón do século XIV e, recentemente presentou no Festival de Música e Musicoloxía iberoamericana (Montevideo, Uruguai) o seu estudo sobre a arpa do Virreinato do Perú e a reprodución da arpa de Santiago Apóstol de Huachacalla (Oruro, Bolivia, século XVIII). En Galicia presentou este proxecto no III congreso MUSAM de estudos musicais americanos (Universidade de Santiago de Compostela).

Foi invitado a representar a España no VI festival mundial de arpa da cidade de Asunción (Paraguai), sendo o primeiro arpista en ofrecer un recital de arpa de dúas ordes neste país.

Posúe a súa propia canle de youtube, onde se pode ver e escoitar parte do seu proxecto audiovisual que amosa diversas arpas antigas en diferentes localizacións de Santiago de Compostela (ArpaManuelVilas).

Foi profesor de arpa medieval e renacentista nos cursos de música medieval de Morella (Castellón).

Actualmente é profesor de arpa medieval no Centro Internacional de Música Medieval de La Valldigna (Valencia) e colabora asiduamente na Escuela de Música Medieval y tradición oral de la ILE (Madrid)

Durante o mes de marzo de 2022 impartiu na Escuela superior de Canto de Madrid un taller sobre tons humanos.